

Convocatoria da sesión ORGANIZATIVA do Pleno da Corporación do xoves 13 de xullo de 2023

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.a do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

O alcalde ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións do Pleno da Corporación (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno teñen que ser previamente ditaminados pola comisión informativa correspondente agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), e coma no presente caso, ante a inexistencia a día de hoxe da propia sesión organizativa prevista no artigo 38 do ROF.

De acordo co indicado, RESOLVO:

1. CONVOCAR a sesión organizativa do Pleno da Corporación Municipal .

Data: xoves 13 de xullo de 2023
Hora: 20:00
Lugar: Salón de Plenos - Casa do Concello

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES
2. POSTA EN COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 687/2023 DE DATA 07.07.2023: COMPOSICIÓN, COMPETENCIAS E PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORPORACIÓN 2023-2027.
4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 676/2023 DE 06.07.2023 NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE CORPORACIÓN 2023-2027

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 544.452 exp. 2023/G010/000014

5. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 677/2023 DE 06.07.2023 DELEGACIÓNS CONCELLEIROS CORPORACIÓN 2023-2027.
6. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 673/2023 DE DATA 06.07.2023 DO NOMEAMENTO DO PERSOAL INTEGRANTE DO COMITÉ ANTI-FRAUDE DO CONCELLO DE RIANXO
7. PROPOSTA DA ALCALDÍA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO 2023-2027.
8. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS 2023-2027
9. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. 2023-2027
10. PROPOSTA ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS 2023-2027
11. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS 2023-2027
12. PROPOSTA DA ALCALDÍA DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS
13. PROPOSTA DA ALCALDÍA DA CREACIÓN MESA PERMANENTE DE CONTRATACIÓN 2023 PLENO

2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, remitíndolles unha copia das actas e dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que, de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.**
3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.